

O Consello da Cultura apresenta un 'catálogo' de exiliados

O congreso remata o Sábado 29 en Sada cunha homenaxe a todos os que tiveron que marchar

Un programa case maratónico. Recofecía a coordinadora Pilar Cagiao que o I Congreso Internacional "O Exilio Galego" que organiza o Consello da Cultura abranque unha morea de personaxes e aspectos relacionados coa marcha do país. Setenta e sete relatores e cento trinta participantes nun congreso que remata o Sábado 29 de Setembro, día no que se apresenta ademais unha das aportacións más novas do encontro: a catalogación dos exiliados galegos nun repertorio bibliográfico con 2.141 rexistros sobre homes e mulleres.

Pero o mesmo termo "exiliado" xerou debate ao seu redor. O historiador Xosé Manuel Núñez Seixas intentou establecer un canon sobre quen era e quen non un exiliado. Coida que hai que deslindar aos que padeceron o exilio doutros grupos como "os prisioneiros, emigrados ou refuxiados", ao tempo que explicaba os criterios do proxecto que se

apresenta o Sábado e que ten como título "O exilio galego. Un repertorio biobibliográfico: unha primeira achega". Non falou quen rexitaria os lñmites entre o que é exilio e emigración. Por exemplo, Mire Villar participou no congreso o Martes 25 Setembro cunha conferencia sobre a vida e obra de Anton Zapata García, natural de Laxe e emigrado a Arxentina. Galeguista, poeta, promotor do Seminario de Estudos Galegos e republicano, Zapata García aparece como autor do primeiro texto en galego sobre o asasinato de Alexandre Bóveda. Tamén Beatriz Ruiz explicou a historia de Carme, unha muller de Vigo que marchou a Londres, para concluir que un periplo como o dela tamén era unha crónica do exilio.

Non só do exilio do '36 trata este Congreso. Xosé Ramón Barreiro inaugurou as sesións de relatórios analizando o que supuxera o exodo posterior á I República.

"Abandonaron Galiza os intelectuais e políticos más destacados, deixando atrás unha España desnatada. Fundarán en América as bases da cultura galega do exterior", dixo. Luis Seoane foi lembrado nas intervencións de Xoán González Millán, Xesús Alonso Montero e Gregorio Ferreira. Este é un congreso no que saen a relucir personaxes até agora anónimos, ainda que como explicara o presidente do Consello da Cultura, Carlos Casares, a idea xurdira nun primeiro momento como unha granxe homenaxe a Castelao. Da actividade política do rianxeiro no exilio charlaron nunha mesa redonda o Luns 24 Casares, Bieito Alonso, Xoán Carlos Garrido e Xusto G. Beramendi.

Biografías menos coñecidas aparecen tamén como sorpresas. Quen era Xosé Almoína? Afonso Peña levou ao Consello da Cultura a historia deste lugués que, exiliado na República Dominicana, chegou a ser o secre-

tario persoal do ditador Trujillo, contra o que se posicionaría anos despois através dun libro que lle custou a vida. Piedad Domínguez e os fuxidos de San Cibrao, a familia Barrio de Vilalba, o sindicalista do Deza Xosé Fondevila, os mártires de Betanzos en cuja memoria se edita un facsimil testemuña da representación nesa comarca, etc. Son moitos os nomes que se escotan, tamén de mulleres, moitas veces esquecidas como protagonista deste exodo. O Martes podíanse escotar duas voces radiofónicas: a da ourensá Concha Llimia e a de Iolanda Díaz Gallego. Ambas, durante décadas animando aos galegos no exterior através das ondas. Maruxa Seoane, Mercedes Núñez e María Casares son obxecto de estudio no congreso.

A arte do exilio

Política, literatura, xornalismo, arquitectura, música, ensino, a figura de Castelao, os diferentes

destinos dos exiliados e as artes plásticas son os ángulos polos que discorre o congreso. No terreno das artes plásticas e exilio, a profesora María Luisa Sobrino adverte á Xunta da necesidade de "salvar a obra que os artistas galegos deixaron alá, moita da cal corre grave perigo de desaparecer". Lémbrense os casos de artistas como a pintora Maruxa Mallo, o arquitecto Xosé Caridad Mateo, ou o fotógrafo Xosé Suárez, que tiveron que marchar a América. "O franquismo puxo fin ao florecemento das artes plásticas que vivía Galiza nos anos 30. Os artistas estabelecerían os seus núcleos de creación fundamentalmente en Buenos Aires, enriquecendose co contacto da intelectualidade arxentina e transformando a cidade na capital das artes", afirmou Sobrino. O Castro, Sada, será o escenario da clausura do congreso o Sábado 29, coa presencia de Nicolás Sánchez Albornoz, Isaac Díaz Pardo e Raimundo García Domínguez Borobó. ♦



Luz Pozo foi arropeada por amigos e xentes da literatura.

Voz Noticias

Luz Pozo agradece a Ribadeo a forza criadora Unha rua lembrará á poeta tras a homenaxe da Asociación de Escritores

Elegancia e sensibilidade. Dous adxectivos moi repetidos o Sábado 22 de Setembro en Ribadeo durante a homenaxe a Luz Pozo Garza. A poeta recibía a letra E que en anos anteriores a Asociación de Escritores brindara a Uxío Novoneyra, Manuel María ou María Xosé Queizán, entre outros. Unha letra que serve para recoñecer a traxectoria da

queles que entregan os seus anos á escrita e unha rua que lembrará a Luz Pozo na súa vila natal.

Unha vila natal da que Luz Pozo partiu por vez primeira, aos sete anos, cara Viveiro. Outros sete anos e outra partida, desta vez non tan tranquila. Luz Pozo tifia catorce anos cando estoupou o golpe do '36. O pai, republicano,

estivo preso. A familia fuxo, nun primeiro momento a Lugo, despois a Marruecos. Voltarián á Mariña luguesa en 1940. O Sábado 22 a poeta recoñecía o "espazo de amizade" que supuxera Ribadeo para ela. Acompañada en todo momento por Xosé M. Álvarez Cáccamo, presidente da Asociación de Escritores, e por Miguel Anxo Fernández Vello, secretario,

ela mesma plantaba un camélia e descubría a escultura de homenaxe. Da sua tarefa como construtora de versos falaron os seus amigos escritores, da "tensión poética" da súa obra e da súa continua laboureira de investigación.

Houbo recepción na Casa do Concello e inauguración dunha rua co nome da escritora. Arrou-

pabana María Xosé Queizán, Neira Vilas, Franco Grande e Iolanda Castaño, entre outros. Nesta edición de "O escritor na súa terra", como ten acontecido nas anteriores, amigos e veciños participan da homenaxe. Contenta, a autora de *O paxaro na boca* agradece con emoción o tributo.

Cantigas, erotismo e Rosalia

Da "enerxía cósmica" a que fan referencia na Asociación de Escritores ao describir a Luz Pozo ofrece mostra da súa biografía. Con dezoito anos comeza a publicar poemas en xornais, un deles *Las riberas del Eo*, de Ribadeo. O seu primeiro libro titulouse *Anfora* e saiu publicado en 1949. Virían depois *O paxaro na boca*, *Concerto de outono* e *Verbas derradeiras*. Decantarse exclusivamente polo galego na súa obra derivouse do contacto coa cidade de Vigo e da influencia do seu home, o xa finado Eduardo Moreiras, segundo ela mesma lembra.

Nos últimos anos, con poemarios como *Vida secreta de Rosalia* e traballo ensafisticos como *Ondas do Mar de Vigo*, que afonda na faceta investigadora, Luz Pozo Garza recibiu ás novas xeracións de poetas cos brazos abertos. "Non me gosta anquilosarme e estou moi pendente da poesía actual. Xuntarmos reforma o impulso da muller na literatura xa que se dá un tránsito moi efektivo de ideas", explicaba nunha entrevista. Defensora da posibel autoría feminina de parte das cantigas eróticas medievais, acérrima difusora da literatura rosaliana e promotora de revistas como *Nordés* e *Clave Onís*, a escritora de Ribadeo agradeceu na súa terra que a tivera dotado de tanta forza criadora. ♦